

**ACTA NÚMERO: 23/2025**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 19 DE XUÑO DE 2025.**

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 19 de xuño de 2025 reúnen-se os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidenta:** D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal en funcións de Secretario Accidental.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 12 de xuño de 2025 (Reunión 22/2025).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Seispés Producións Creativas, S.L. no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Mondra con cargo ao programa +Música 2025 (Expte. 2025030031)*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa O Cable Inglés no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación do proxecto "Aquí faltan páxinas: Historias de mulleres galegas extraordinarias que non sempre saen nos libros 2025" (Expte. 2025017624)*
4. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Beatriz Gómez Fandiño no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Xuntos pola Música con cargo ao programa +Música 2025 (Expte. 2025022894).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)". (Expte.- 2024057093).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando food trucks. (Expte.- 2024084008).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando food trucks. (Expte.- 2024084008).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento correctivo e soporte especializado da solución tecnolóxica para catalogación e difusión do patrimonio arquivístico e bibliográfico. (Expte.- 2025006084).*
9. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento correctivo e soporte especializado da solución tecnolóxica para catalogación e difusión do patrimonio arquivístico e bibliográfico. (Expte.- 2025006084).*

**FORA DA ORDE DO DÍA.-**

- *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-00382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico programa DUS 5000 (Expte 2025005763).*
- *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración e execución das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-00382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico programa DUS 5000 (Expte 2025005763).*



Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, D. Carlos Cuadrado Romy, Secretario da Deputación e Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 12 de xuño de 2025 (Reunión 22/2025).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 12 de xuño de 2025 (Reunión 22/2025).

**2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Seispés Producións Creativas, S.L. no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Mondra con cargo ao programa +Música 2025 (Expte. 2025030031).**

Por Resolución Presidencial número 2025004693, de data 06/06/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de dúas actuacións do grupo Mondra con cargo ao programa +Música 2025, pola cantidade máxima de 25.410,00 €, IVE engadido.

Na citada Resolución, acordouse invitar a Seispés Producións Creativas, S.L. (B70328745) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produciu o día 09/06/2025.

A empresa Seispés Producións Creativas, S.L. (B70328745) presentou oferta, e con data 16/06/2025 procedeuse á apertura da oferta presentada, e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa Seispés Producións Creativas, S.L. (B70328745) foi a seguinte:

|                          |             |
|--------------------------|-------------|
| Importe ofertado sen IVE | 21.000,00 € |
| IVE (21 %)               | 4.410,00 €  |
| Importe ofertado con IVE | 25.410,00 € |



A Mesa de Contratación, queda enterada da oferta presentada por Seispés Producións Creativas, S.L. (B70328745) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de dúas actuacións do grupo Mondra con cargo ao programa +Música 2025.

**3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa O Cable Inglés no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación do proxecto "Aquí faltan páxinas: Historias de mulleres galegas extraordinarias que non sempre saen nos libros 2025" (Expte. 2025017624).***

Por Resolución Presidencial número 2025004436, de data 29/05/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do proxecto "Aquí faltan páxinas. Historias de mulleres galegas extraordinarias 2025", pola cantidade máxima de 43.511,60 €, IVE engadido.

Na citada Resolución, acordouse invitar a O Cable Inglés, S. Coop. Galega (F27768563) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produciu o día 29/05/2025.

A empresa o Cable Inglés, S. Coop. Galega (F27768563) presentou oferta, e con data 09/06/2025 procedeuse á apertura da oferta presentada, e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa O Cable Inglés, S. Coop. Galega (F27768563) foi a seguinte:

|                          |             |
|--------------------------|-------------|
| Importe ofertado sen IVE | 35.960,00 € |
| IVE (21 %)               | 7.551,60 €  |
| Importe ofertado con IVE | 43.511,60 € |

A Mesa de Contratación, queda enterada da oferta presentada por O Cable Inglés, S. Coop. Galega (F27768563) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do proxecto "Aquí faltan páxinas. Historias de mulleres galegas extraordinarias 2025".

**4. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Beatriz Gómez Fandiño no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Xuntos pola Música con cargo ao programa +Música 2025 (Expte. 2025022894).***

Por Resolución Presidencial número 2025004296, de data 26/05/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de dúas actuacións do grupo Xuntos pola Música con cargo ao programa +Música 2025, pola cantidade máxima de 24.200,00 €, IVE engadido.



Na citada Resolución, acordouse invitar a Beatriz Gómez Fandiño (53187385T) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produciu o día 27/05/2025.

A empresaria Beatriz Gómez Fandiño (53187385T) presentou oferta, e con data 09/06/2025 procedeuse á apertura da oferta presentada, e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresaria Beatriz Gómez Fandiño (53187385T) foi a seguinte:

|                          |             |
|--------------------------|-------------|
| Importe ofertado sen IVE | 20.000,00 € |
| IVE (21 %)               | 4.200,00 €  |
| Importe ofertado con IVE | 24.200,00 € |

A Mesa de Contratación, queda enterada da oferta presentada por Beatriz Gómez Fandiño (53187385T) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de dúas actuacións do grupo Xuntos pola Música con cargo ao programa +Música 2025.

**5. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)". (Expte.- 2024057093).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 23 de maio de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "*Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29 de maio de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado

**6. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando food trucks. (Expte.- 2024084008).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo de Xunta de Goberno do día 16 de maio de 2025 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, da *"campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando food trucks"*.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE en data 19 de maio de 2025, publicándose no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de maio de 2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo)



e, a continuación, procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- JOSE FAJARDO, S.L. (NIF: B15320187)
- MIGUEL ÁNGEL MOSTEIRO DÍAZ (NIF: 35458304D)
- SILMAN 97, S.L.U. (NIF: B15647803)

**7. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando food trucks. (Expte.- 2024084008).**

A Mesa de Contratación, no punto anterior desta reunión, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación da “campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando food trucks”.

As empresas presentadas e admitidas foron as seguintes:

- JOSE FAJARDO, S.L. (NIF: B15320187)
- MIGUEL ÁNGEL MOSTEIRO DÍAZ (NIF: 35458304D)
- SILMAN 97, S.L. (NIF: B15647803)

O Secretario da Mesa de Contratación accede á Plataforma de Contratación do Sector Público mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos “sobres B” ao servizo de Turismo Rías Baixas, para que os técnicos avalíen e pondere as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

**8. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento correctivo e soporte especializado da solución tecnolóxica para catalogación e difusión do patrimonio arquivístico e bibliográfico. (Expte.- 2025006084).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno na sesión ordinaria de data 9 de maio de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de mantemento correctivo e soporte especializado da solución tecnolóxica



para a catalogación, xestión e difusión da que dispón a Deputación para a explotación do patrimonio arquivístico e bibliográfico.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE 15/06/2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16/05/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de contratación do sector público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda:

Admitir a seguinte empresa: Xercode Media Software, S.L. (B-70220124)

**9. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento correctivo e soporte especializado da solución tecnolóxica para catalogación e difusión do patrimonio arquivístico e bibliográfico. (Expte.-2025006084).***

A Mesa de Contratación, no punto anterior desta reunión, procedeu á apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento correctivo e soporte especializado da solución tecnolóxica para catalogación e difusión do patrimonio arquivístico e bibliográfico.

A única empresa presentada e admitida foi a seguinte:

- Xercode Media Software, S.L. (B-70220124)

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de contratación do sector público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "B" correspondente aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor da única empresa que achega oferta á licitación.



Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobre “B” que presenta a empresa admitida Xercode Media Software, S.L. (B-70220124) ao persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

FORA DA ORDE DO DÍA, e previa votación da declaración de urxencia, aprobouse por unanimidade dos membros da Mesa de Contratación, tratar os seguintes asuntos:

**ASUNTO:** *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-00382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico programa DUS 5000 (Expte 2025005763)*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Acordo da Xunta de Goberno nº 22.35232, de data 16 de maio de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da subministración e execución das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-00382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico programa DUS 5000.

O anuncio de licitación enviouse ao DOUE en data 16/05/2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18/05/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 5/06/2025 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas nos lotes nº 1 e nº 2 as seguintes:

| EMPRESAS                                            | C.I.F.       | Lotes |
|-----------------------------------------------------|--------------|-------|
| ELECTRICIDAD INMAC CONDADO S.L.                     | (B-3638084)  | 1,2   |
| INSTALACIONES ELÉCTRICAS TERCA SLU                  | (B-36469625) | 1,2   |
| SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A. | (A-08001182) | 1     |

A Mesa de Contratación na reunión do día 5/06/2025 tamén procedeu á apertura da documentación con criterios avaliáveis mediante xuízos de valor, dándolle traslado da mesma ó persoal técnico do Servizo Cooperación, para que procederan a avaliar e ponderar as propostas



ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Con data 17 de xuño de 2025 faise un requerimento de aclaración á empresa SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A. xa que non presenta a totalidade da documentación esixida. Concretamente, non presenta os cálculos lumínicos en formato DLX ou EVO referidos ós viais e só presenta os cálculos lumínicos dos campos de fútbol.

Segundo o recollido no apartado “d” da cláusula 8 do PCAP: “A oferta técnica consta da seguinte documentación:

- a) Unha relación de todos os documentos incluídos neste sobre.
- b) Memoria técnica. (Máximo 50 páxinas A4).
- c) Proposta lumínica.
- d) Cálculos lumínicos

As ofertas técnicas que presenten os licitadores deberán recoller esta documentación e cos contidos indicados a continuación. A non presentación dalgún destes arquivos será motivo de exclusión.

[...]

Os cálculos lumínicos aportados deberán xustificar a totalidade dos “Viales Tipo” definidos nos proxectos técnicos do lote ou lotes ós que se presenta a oferta en consonancia ós datos de planificación considerados nos cálculos do proxecto. Os cálculos lumínicos realizarase coas luminarias que foron indicadas na proposta lumínica pola empresa licitadora. Aportaranse ditos cálculos en formato pdf e en formato “.dlx” ou “.evo” utilizado para os cálculos”.

En data 17/06/2025 a empresa SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A. co rexistro de entrada volve a aportar os mesmos arquivos DLX que aportara dentro do prazo de licitación, é dicir, non se incorporou o arquivo ou arquivos en formato DLX ou EVO nos que se xustifican os cálculos lumínicos dos viais.

O Enxeñeiro xefe Alejandro Marín Gómez Nieves, en data 19/06/2025 emite informe de valoración da documentación técnica presentada (csv 89BUREYK6L4372BC), sendo as puntuacións obtidas polas empresas en cada lote as seguintes:

“

| CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR. VALORACIÓN DO <b>LOTE 1</b> |                   |                      |      |       |
|------------------------------------------------------------------------------|-------------------|----------------------|------|-------|
| Criterio                                                                     | Puntuación máxima | ELECTRICIDAD CONDADO | SECE | TERCA |



|                                                                               |           |             |             |           |
|-------------------------------------------------------------------------------|-----------|-------------|-------------|-----------|
| 1 Nivel de coñecemento das obras e calidade na planificación                  | 15        | 13,5        | 5,5         | 3         |
| 2 Calidade das luminarias e da iluminación                                    | 17        | 13,5        | 13,5        | 13,5      |
| 3 Calidade da aparamenta eléctrica, dos cadros eléctricos e das canalizacións | 8         | 6,5         | 3,5         | 3,5       |
| <b>TOTAIS</b>                                                                 | <b>40</b> | <b>33,5</b> | <b>22,5</b> | <b>20</b> |

| CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR. VALORACIÓN DO <b>LOTE 2</b>  |                   |                      |           |
|-------------------------------------------------------------------------------|-------------------|----------------------|-----------|
| Criterio                                                                      | Puntuación máxima | ELECTRICIDAD CONDADO | TERCA     |
| 1 Nivel de coñecemento das obras e calidade na planificación                  | 15                | 13,5                 | 2         |
| 2 Calidade das luminarias e da iluminación                                    | 17                | 13,5                 | 13,5      |
| 3 Calidade da aparamenta eléctrica, dos cadros eléctricos e das canalizacións | 8                 | 6,5                  | 3,5       |
| <b>TOTAIS</b>                                                                 | <b>40</b>         | <b>33,5</b>          | <b>19</b> |

Cabe citar que a empresa INSTALACIONES ELÉCTRICAS TERCA S.L.U. non acada o 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor na valoración realizada do lote 2. “

A Mesa de Contratación, en base ao citado informe, acorda:

1.- Excluir as empresas SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A (lote nº 1), e INSTALACIONES ELECTRICAS TERCA S.L.U. (lote nº 2) de acordo co recollido no informe do Enxeñeiro xefe Alejandro Marín Gómez Nieves, do servizo de Cooperación.

A empresa SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A, por non presentar os cálculos lumínicos en formato DLX ou EVO referidos ós viais e só presenta os cálculos lumínicos dos campos de fútbol, unha vez requiridos, constituindo un dos motivos de exclusión de acordo co recollido na cláusula 8 d) do PCAP, e a empresa INSTALACIONES ELECTRICAS TERCA S.L.U. no lote nº 2, por non acadar o 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor.



2.- Prestar conformidade as puntuacións das empresas ELECTRICIDAD INMAC CONDADO S.L. nos lotes nº 1 e nº 2, e INSTALACIONES ELECTRICAS TERCA S.L.U. no lote nº 1, que acadan unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, para continuar co proceso selectivo e proceder a apertura do sobre C .

**ASUNTO:** *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración e execución das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-00382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico programa DUS 5000 (Expte 2025005763).*

O Secretario informa ós asistentes das puntuacións acadadas polas empresas ELECTRICIDAD INMAC CONDADO S.L. (lotes nº 1 e nº 2) e INSTALACIONES ELECTRICAS TERCA S.L.U. (lote nº 1) presentadas e admitidas ao procedemento aberto convocado para a contratación da "Subministración e execución das obras renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-00382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico programa DUS 5000" e que acadaron a puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, así como das empresas excluídas de acordo co recollido no informe de data 19/06/2025 do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación co csv 89BUREYK6L4372BC.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desenscriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "C" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízo de valor.

O valores ofertados no sobre C foron os seguintes:

#### **ELECTRICIDAD INMAC CONDADO S.L.**

##### **1.- Prezo ofertado :**

**Sinalar cun x os Lotes aos que achega oferta:**

**lote nº 1:** ☒



|                         |              |
|-------------------------|--------------|
| Importe sen o IVE:      | 442.556,15 € |
| IVE ( 21 %):            | 92.936,79 €  |
| Importe total ofertado: | 535.492,94 € |

**lote nº 2:** ☒

|                         |              |
|-------------------------|--------------|
| Importe sen o IVE:      | 324.610,34 € |
| IVE ( 21 %):            | 68.168,17 €  |
| Importe total ofertado: | 392.778,51 € |

**2.- Prazo de garantía ofertado:** *(non inferior a 12 meses nin superior a 36 meses).*

**Lote n 1 36 meses**

**Lote n 2 36meses**

*Nota: a empresa deberá indicar o prazo de garantía ofertado para cada un dos lotes aos que presenta oferta.*

### **3.- Melloras ofertadas.**

*A empresa oferta melloras no lote n 1:* ☒

*A empresa oferta melloras no lote n 2:* ☒

*A empresa non oferta melloras* ☐

*Nota: A relación de melloras incluídas en cada unha das opcións detállanse no criterio.*

**4.- Tempo (inferior a 72 horas) en atender unha incidencia dentro do período de garantía.**

**Número de horas ofertada pola empresa:**

**Lote n 1: 1 hora.**

**Lote n 2: 1 hora.**

### **INSTALACIONES ELECTRICAS TERCA SLU.**



**1.- Prezo ofertado :****Sinalar cun x os Lotes aos que achega oferta:****lote nº 1:** ☒

|                         |               |
|-------------------------|---------------|
| Importe sen o IVE:      | 439.990,20€ € |
| IVE ( 21 %):            | 92.397,94 €   |
| Importe total ofertado: | 532.388,14 €  |

**2.- Prazo de garantía ofertado:** *(non inferior a 12 meses nin superior a 36 meses).***Lote n 1: 36 meses**

*Nota: a empresa deberá indicar o prazo de garantía ofertado para cada un dos lotes aos que presenta oferta.*

**3.- Melloras ofertadas.***A empresa oferta melloras no lote n 1:* ☒*A empresa non oferta melloras* ☐

*Nota: A relación de melloras incluídas en cada unha das opcións detállanse no criterio.*

**4.- Tempo (inferior a 72 horas) en atender unha incidencia dentro do período de garantía.****Número de horas ofertada pola empresa:****Lote n 1: 1 hora**

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte e cinco minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

